

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A REDACCIÓN DO PCAP PARA O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA

I.- ANTECEDENTES:

1.- En data 05.12.2017, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN NAVIA COMO SALA DE LECTURA", cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (439.961,59 €) de data outubro de 2016.

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 18 de outubro de 2018, aprobou o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "Acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca", así como abrir o procedemento de licitación para a elección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

3.- Unha vez definido e aprobado o proxecto de obras necesario para a reforma e adecuación interior da citada infraestrutura municipal de equipamento cultural, para o seu correcto funcionamento como sala de lectura-biblioteca, así como o expediente de contratación da mesma, procede definir as necesidades de equipamento de mobiliario preciso para á posta en funcionamento da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia.

II.-- ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS:

1.- Obxecto:

O **obxecto** do presente procedemento de contratación consiste no subministro de mobiliario necesario para o correcto funcionamento da sala de lectura-biblioteca de Navia, correspondéndose coa descrición dos elementos a subministrar, así como as unidades dos mesmos, co anexo I do PPTP que se adxunta a este expediente. O subministro do mobiliario incluírá a entrega, instalación e posta en funcionamento do mesmo, debendo quedar totalmente instalado e preparado para o seu uso.

No referente a **cualificación do contrato**, polo seu obxecto, será de subministro na súa modalidade de adquisición de produtos ou bens mobles, segundo o previsto no artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 1 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



A contratación resulta necesaria para o **exercicio de competencias propias** previstas no art. 25.2.m (promoción da cultura e equipamentos culturais) da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 e no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Polo que respecta a súa **división en lotes**, non se considera axeitada debido a que, tendo en conta a contía do contrato, así como a natureza do mesmo, non se considera conveniente a súa división do mesmo en lotes, en base a motivos relacionados coa optimización, a eficiencia e as posibilidades de obter unha oferta mais vantaxosa. Asemade, os diversos elementos que compoñen o subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia, conforman en sí mesmos unha unidade de xestión, xa que os mesmos teñen na súa operatividade unha condición de conxunto, tanto na súa funcionalidade como na súa referencia estética, e polo tanto unha complementariedade que non posibilita tecnicamente a súa división en lotes.

2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, xustificándose no valor estimado do contrato e na necesidade de maior transparencia, publicidade e igualdade do procedemento.

3.- Prezo do contrato e xustificación:

a) Prezo do contrato:

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está calculado en base ao custe unitario dos distintos elementos que compoñen o subministro, estimado a partir de facturas de diferentes provedores e subministradores, así como táboas de prezos que manexa o servizo, e determinados en base ao anexo I do PPTP que se adxunta a este expediente, incluíndo todos os custes derivados da execución do contrato, tales como os gastos xerais de estrutura e beneficio industrial, resultando adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato.

DESCRICIÓN	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
Cadeira sen brazos con estrutura en tubo de aceiro de diámetro mínimo de 20 mm e 1.50 mm de espesor mínimo,	190	83,00 €	15.770,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 2 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



traveseiros soldados con soldadura de arco, pintura sometida a proceso de desengrase e fosfatado para o seu pintado con pintura en po a base de resinas epóxicas, ou outra técnica que garanta a mesma calidade, en cor gris prata (Ral 9006), termo endurecidas; asento e respaldo formado por un mínimo de 9 láminas de faia ou similar de 1,20 mm; formato anatómico; unión entre carcasa mediante abrazadeiras de polipropileno ou similar, con topes para apilamiento e tornillería cincada, topes de polietileno ou similar. Asento e respaldo en cor Vermello Ral 3002 con logotipo do Concello de Vigo termograbado de medidas 2,50cm de alto por 7, 00 cm de ancho na parte posterior.			
Mesa de biblioteca de medidas totais 360cm x 153cm, pintura realizada en poliéster de pó epoxi con aplicación electrostática en túnel de pintura robótica ou outra técnica que garanta a mesma calidade, espesor mínimo de 80 micras, con luminarias de tecnoloxía led ancladas na propia mesa para lectura e regulación de intensidade incluída; con tapetas de electrificación, bandexas de electrificación baixo mesa. Conexiónadas tanto as bandexas como luminarias a rede e en perfecto funcionamento. Cor da mesa de biblioteca Branco Ral 9016.	18	1.846,00 €	33.228,00 €
Unidade de subministro e instalación de 72 regletas triples tipo schuko ou similar con interruptor ON/OFF e piloto de presenza, montaxe e instalación mediante cableado pegado a mesa mediante adhesivos e conexiónada a rede, en perfecto funcionamento.	72	50,00 €	3.600,00 €
Persiana enrollable en tecido tipo Basic 1% ou similar, manual de medidas 2,35 m alto x 2,20 m ancho manuais.	16	185,00 €	2.960,00 €
TOTAL			55.558,00 €
IMPORTE IVE 21%			11.667,18 €
IMPORTE TOTAL			67.225,18 €

O prezo do contrato estipúlase en un total de total de “SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E CINCO EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS” (67.225,18 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 11.667,18 €.

b) Orzamento base de licitación:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 3 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



Correspóndese co límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE, e desagregarase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación (artigo 100 LCSP).

Ao abeiro do establecido, o prezo que servirá de base para a execución deste contrato está determinado no Anexo I do PPPT, en relación ao número de unidades a subministrar de cada un dos elementos que conforman o obxecto do contrato.

BASE IMPONIBLE	55.558,00 €
21% IVE	11.667,18 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	67.225,18 €

O orzamento base de licitación ascende a un total de "SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E CINCO EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS" (67.225,18 €)".

c) Valor estimado do contrato e método de cálculo:

Tal e como establece o artigo 101 LCSP, o valor estimado calcularase tendo en conta que non se prevé posibilidade de modificación á alza nin posibilidade de prórroga, e tendo en consideración do mesmo xeito, os custos derivados da normativa laboral vixente, estipulándose en CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS (55.558,00 €).

	IMPORTE
IMPORTE DO CONTRATO	55.558,00 €
MODIFICACIÓNS Á ALZA PREVISTAS	NON
POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	NON
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	55.558,00 €

4.- Revisión de Prezos

Tendo en conta a duración do contrato non se prevén alteracións significativas dos prezos unitarios, polo tanto non procede a revisión de prezos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 4 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



5.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.622.0002, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsa de vinculación.

O gasto proposto cumpre co principio de sustentabilidade financeira, segundo o recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o orzamento de licitación proposto atópase dentro dos créditos xerados no actual orzamento do Concello de Vigo, polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente.

6.- Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

A tenor do establecido no artigo 28 da LCSP, en relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente, así como os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, os mesmos atópanse xustificadas no informe de necesidade e idoneidade da contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia, asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e pola Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e datas 22 e 25 de febreiro de 2019, no que se xustifica adecuadamente a necesidade á que se pretende dar satisfacción mediante este contrato así como a relación directa, clara e proporcional co obxecto do presente contrato.

Así mesmo, a finalidade a satisfacer pola administración municipal con este contrato está directamente relacionada coas competencias municipais previstas no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (promoción da cultura e equipamentos culturais) e no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

7.- Prazo de execución

De conformidade co establecido no artigo 29 LCSP, fíxase un prazo de execución de 1 mes, sen posibilidade de prórroga.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 5 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



Xustificación do prazo.- O prazo de execución fíxase atendendo á natureza das prestacións, ás necesidades do servizo, ao financiamento así como á necesidade de someter a concorrência o contrato.

En base a todos estes factores no presente suposto, estímase adecuado o prazo de execución de 1 mes para o subministro dos elementos necesarios para a posta en funcionamento da sala de lectura-biblioteca de Navia.

8.- Data prevista inicio contrato: 1 de maio de 2019

9.-Solvencia

Polas características e polo importe do contrato non se esixe clasificación de conformidade co establecido no artigo 77.1.c) LCSP, e os criterios de solvencia requiridos ao licitador serán os seguintes:

Solvencia económica e financeira, artigo 87.1.ª da LCSP :

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual o superior ao valor estimado do contrato por ser a súa duración inferior a un ano.

Solvencia técnica e profesional ,artigo 89 da LCSP.

- Unha relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza (atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV) que os que constitúan o obxecto do contrato indicando o seu importe, datas e destinatario, público ou privado dos mesmos. Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o órgano sexa unha entidade do sector público o cando o destinatario sexa un destinatario privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste mediante unha declaración do empresario. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato.

As empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) acreditarán a súa solvencia técnica por un dos seguintes medios:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 6 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



- Declaración indicando o persoal técnico ou unidades técnicas, estean ou non integrados na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.
- Medidas empregadas para garantir a calidade
- Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos para fornecer sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.
- Mostras, descrições e fotografías dos produtos para fornecer, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade contratante.
- Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas técnicas.
- Indicación dos sistemas de xestión da cadea de subministración, incluídos os que garantan o cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, e de seguimento que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

Xustificación da solvencia requirida.- Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais; dado que solicitan o volume anual de negocios e unha relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza, condicións mínimas que respectan o principio de liberdade de acceso ás licitacións.

10.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación aos criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 145 da LCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, podéndose adxudicar os contratos, entre outros, sobre a base do prezo ou custo.

O criterio de adxudicación proposto no presente caso consistirá na redución do prezo do contrato de modo que as ofertas ordenaranse por orde ascendente, de menor a maior prezo, resultando primeira clasificada a que oferte unha maior redución do prezo do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 7 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



Xustificación do criterio de valoración.- Xustifícase a elección do referido criterio, de conformidade co establecido no artigo 145.3.f) LCSP por estar os produtos a subministrar perfectamente definidos, motivo por el cal considérase como criterio mais axeitado a consideración do prezo como o único factor determinante da adxudicación.

11.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

Neste procedemento non se considerará que ningunha oferta contén valores anormais.

12.- Condicións especiais de execución

Establécese como condición especial de execución de carácter social:

a) Condición de tipo medioambiental:

1.- Adoptar medidas para o mantemento ou mellora dos valores medioambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato.

- O mantemento ou mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato
- A promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables

Para acreditar esta condición o licitador proposto coma adxudicatario terá que presentar declaración responsable onde manifeste de forma clara e expresa, o compromiso de cumprir as condicións establecidas nesta cláusula ou, cando proceda, certificación do órgano competente.

13.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía será o estipulado na normativa vixente ou garantido polo fabricante si fora superior, sendo o prazo mínimo de garantía de dous anos.

14.- Modificación do contrato:

Debido as súas características non se contempla a modificación do contrato.

15.- Responsable do contrato



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 8 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



O responsable do Contrato será o Xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento.

16.- Referencia ao réxime de pagamento

O pagamento do subministro efectuarase coa presentación de factura conformada polo Responsable unha vez realizado o subministro.

Coa factura achegarase un arquivo informático (albarán electrónico en formato compatible con calquera base de datos) dos materiais subministrados de acordo coas especificacións técnicas indicadas polo responsable do contrato.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- Unidade tramitadora: GE0000719 - Patrimonio
- Oficina contable: GE0000575 Servizos Económicos/ Intervención
- Órgano xestor: L01360577 Concello de Vigo

17.- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil cunha contía mínima de 100.000,00 euros euros.

18.- Prescricións técnicas particulares:

O Prego de Prescrición Técnicas Particulares e os seus Anexos, redactado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos/Enxeñeiro da Edificación D. Aurelio Adán Fernández e asinado en data 13/03/2019, achégase a este expediente e atópase redactado en base as peculiaridades técnicas da execución do obxecto do presente contrato.

19.- Subcontratación

Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 9 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



20.- Lugar de entrega

A entrega e instalación de todos os artigos que compoñen o obxecto deste contrato de subministro, será realizada nas instalacións da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia, sita na rúa Teixugueiras nº 26B.

21.- Entrega de mostras

O adxudicatario deberá entregar previamente á formalización do contrato unha mostra dos seguintes elementos ofertados.

- Cadeira sen brazos con estrutura en tubo de aceiro de diámetro mínimo de 20 mm e 1.50 mm de espesor mínimo, traveseiros soldados con soldadura de arco, pintura sometida a proceso de desengrase e fosfatado para o seu pintado con pintura en po a base de resinas epóxicas, ou outra técnica que garanta a mesma calidade, en cor gris prata (Ral 9006), termo endurecidas; asento e respaldo formado por un mínimo de 9 láminas de faia ou similar de 1,20 mm; formato anatómico; unión entre carcasa mediante abrazadeiras de polipropileno ou similar, con topes para apilamiento e tornillería cincada, topes de polietileno ou similar. Asento e respaldo en cor Vermello Ral 3002 con logotipo do Concello de Vigo termograbado de medidas 2,50cm de alto por 7, 00 cm de ancho na parte posterior.
- Mesa de biblioteca de medidas totais 360cm x 153cm, pintura realizada en poliéster de pó epoxi con aplicación electrostática en túnel de pintura robótica ou outra técnica que garanta a mesma calidade, espesor mínimo de 80 micras, con luminarias de tecnoloxía led ancladas na propia mesa para lectura e regulación de intensidade incluída; con tapetas de electrificación, bandexas de electrificación baixo mesa. Conexionadas tanto as bandexas como luminarias a rede e en perfecto funcionamento. Cor da mesa de biblioteca Branco Ral 9016.

O material da mostra deberá ser da mesma calidade e características que o ofertado e cumprirá cos requisitos definidos no Anexo I do PPT, tendo uns requisitos de rendemento e esixencias funcionais similares ás descritas.

22.- Outras observacións

Todos os produtos obxecto da subministración axustaranse ao prescrito nas normas sobre calidade e seguridade que lles sexan de aplicación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 10 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXP.: 20266/240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



En consecuencia os antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio remitir a presente memoria para a contratación do **SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA** ao Servizo de Contratación, para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos.- Aurelio Adán Fernández

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra

A Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial.- Marta Riobó Ibáñez

Conforme - O Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio.- Francisco Javier Pardo Espiñeira.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 14:00

Páxina 11 de 11

Expediente 20266/240

CSV: 25E45F-DDEHAD-87EECF-GEC2Q5-VC7EBP-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>